

## REFLEXIÓN SOBRE ÉTICA PROFESIONAL DOCENTE

---

*Manuel Fraga Iribarne*

Falar hoxe de Ética para o ensino significa, entre outras consideracións, repensa-lo tema da ética profesional. A todo exercicio profesional cómprelle estar asentado en principios sólidos desde os que buscar valores éticos, e estes teñen que ser asumidos con firmeza. Principios e valores requiren de estudos e reflexións sempre renovados.

No tema que nos ocupa, o principio situámolo na vocación e os valores no servizo á sociedade.

### O PRINCIPIO: A VOCACIÓN

---

Moito se ten falado e escrito da vocación; por iso non traemos aquí toda a literatura que se dá sobre o tema pero si é preciso lembrar brevemente algún aspecto.

A vocación, en liñas xerais, consiste en "ser chamado" e dar resposta a quen nos chama. Esa chamada consiste, en primeiro lugar, en atender-las condicións que un mesmo ten. Significa coñece-las "dotacións" que cada-

quén posúe. Coñecidas as propias calidades, xa a vida nos está "chamando" (vocando) cara ó que podemos ser e o que podemos facer. O principio da responsabilidade de cada un está en coñecerse e intentar desenvolver aquilo para o que foi vitalmente dotado.

Cando alguén presenta a cuestión da autenticidade vital, semella que está a falar do tema vocacional. Pola contra, cando se teoriza sobre frustración profesional, parece que se fala de fracaso vocacional.

Á chamada vocacional non soamente se responde ante un mesmo, senón tamén ante os demais. A responsabilidade é simultánea consigo mesmo e coa sociedade. Non basta con busca-la **realización persoal**; é necesaria -para que sexa auténtica realización- a proxección positiva na comunidade. Nesta dobre vertente social e persoal constitúese o ser do **profesional**.

A ruptura da profesionalidade prodúcese cando fracasa a **vocación de**

**servicio**, é dicir, cando se usa os demais como medio (como meros obxectos)<sup>1</sup> ou cando só se busca o propio proveito. Na conxunción de ámbolos dous bens (propio e social) sitúase o sentido ético da profesión, que non é mais có sentido ético da vocación.

Na última páxina da súa *Ética*, o profesor López Aranguren escribía:

Basta con reconocer las cosas tal como en realidad son para que la ética cobre ante nosotros toda la importancia que merece. Pues, según hemos visto, no se ocupa simplemente, como suele decirse, de las acciones buenas o malas del hombre, ni aun con el añadido de las costumbres. El sentido de la vida y lo que a través de la existencia hemos hecho y estamos haciendo de nosotros mismos, y no solo cada uno en sí, sino también de los otros, porque somos corresponsables del ser moral y el destino de los demás: he aquí el tema verdadero, unitario y total de la ética. Solamente las pequeñas realidades necesitan ser enfatizadas para que reparemos en ellas. Las grandes parece que se engrandecen aún más cuando, por buscado contraste, se revisten de humildes metáforas. Aristóteles dijo bien, por eso, que el hombre verdaderamente moral es como el buen zapatero, que acierta a sacar el mayor partido posible del cuero que le ha sido dado. También nosotros, todos y cada uno de nosotros, tenemos que esforzarnos por sacar el mayor partido posible de este cuero individual y colectivo, de nuestra naturaleza propia y del ser español que hemos recibido...<sup>12</sup>

A ética, pois, fai patente que o propio ben de cadaquén pode e debe confluír co ben da comunidade na que

nos tocou vivir. Nesa conxunción de bens sitúase o sentido ético da actividade profesional. O exercicio de calquera profesión, e máis a docente, sen proxección social e desentendida duns valores éticos, está moi lonxe dun correcto cumprimento humano. Buscar significados éticos, fins éticos, entra dentro das tarefas da profesión docente. Significados e fins son os que dan contido á vocación.

## BUSCA DE VALORES ÉTICOS HOXE

A busca de significados éticos vai unida á análise da realidade. Sen embargo, a esta altura da historia **realidade e valor van por separado**. A posta en dúbida da existencia do “ser en si” e de que os seres humanos poidan captalo a través dunha experiencia consciente, puxo tamén en dúbida que os valores éticos se **asimilen** co ser e, polo tanto, tampouco poden ser percibidos polos humanos. Como para moitos filósofos modernos, “o ser é neutro” (non é nin bo nin malo); o “valor poñémolo” os seres humanos. É dicir, a realidade toda é por si mesma, “vale por igual”; a diferenza de valor depende do noso desexo e do que a nós nos interese. Esta relatividade vén dar nos extremos psicoloxistas e de solipsismos.

Para saír dese relativismo psicoloxista os fenomenólogos, especial-

1 Terminoloxía tomada no sentido en que a empregaba Kant.  
2 J. L. López Aranguren, *Ética*, Madrid, Revista de Occidente, 1958.

mente Max Scheler e Hartmann, estableceron a distinción entre “bens e valores”. Os **bens** son concretos, cambian coas sociedades, evolucionan ó longo do tempo. Estes bens son a “encarnación” dos valores, e estes son inmutables e constitúen un mundo ideal que é cognoscible pola **intuición especial do valor**.

Distinguindo entre bens e valores, os fenomenólogos queren resolvelo relativismo ético que Montaigne<sup>3</sup> expresou así: “¿Que clase de valor é ese que con só cruza-las augas dun río se converte no seu contrario?”

O cambio explícase, pois, como aproximación ou afastamento do mundo ideal dos valores. A tarefa moral está -segundo os fenomenólogos- en descubri-lo mundo dos valores e practicar aquelas boas accións que nos acheguen a “esa perfección” ideal. Nalgúns casos está tamén en “abrirlle os ollos” ou cura-la cegueira que se pode producir nalgunhas persoas ante ese mundo dos valores.

A mesma crítica que historicamente se fixo co sistema platónico do mundo das ideas, tamén se fai coa proposta do “mundo dos valores”. A pregunta clave foi e segue a ser: ¿qué son os valores separados dos bens? A esta pregunta séguenlle outras que (máis ou

menos) veñen constatar un feito ó parecer irreversible: perda a metafísica, a universalidade e a obxectividade dos valores queda en suspenso.

Podíamos dicir máis; construír unha ética sobre unha razón autónoma cae nas mesmas aporías da metafísica. En definitiva, a posibilidade de atopar un criterio seguro de valor é sempre discutible. Por isto hai quen asocia o talante ético coa mesma capacidade de “carecer de certezas”.

Deféndese esta evidente carencia como un feito moral positivo que consiste en **posuír unha conciencia “aberta”**. Está bastante clara nestas teorías a confusión entre os conceptos “aberto” e “baleiro”. Evidentemente, o “baleiro” (*vacuum*) nada ten que ver coa apertura intelectual de quen traballa na busca do coñecemento e da verdade, polo tanto, cómprelle estar “ben dotado”.

Por iso, cremos que coa mesma forza hai que fustrigar, por un lado, o peche absolutista e dogmático dos “radicalismos fundamentalistas” que preconizan ordes sociais utópicas, sublimes e inalcanzables e, por outro lado, o “baleiro dos nihilismos” que poñen todo baixo sospeita e pendentos das arbitrariedades da irracionalidade.

3 J. Montaigne, *Essais*, 11, 12.- París, Didot, 1848.

## CRITERIO DE VALOR CON BASE NA RACIONALIDADE

No medio destes extremos e deses baleiros éticos aínda segue a ser válida a “aposta pola racionalidade humana”. As análises da razón descóbrenos que hai trazos permanentes na humanidade que se converten en criterios de valor ético. É dicir, podemos supera-lo relativismo ético, se atopamos bases certas para normas racionais.

Sinalemos, en primeiro lugar, a “capacidade de interpretación humana”. As persoas témo-la posibilidade de autoconecemento (única no reino animal) e a de coñece-lo mundo, a historia, as culturas. Témo-la posibilidade do diálogo e da interpretación que, de non quedar en pura leria, producen efectos sobre o mundo. Eses efectos recoñecémolos valiosos ou estériles, e sentímonos afectados polo diálogo e as interpretacións que poden variar as conductas. Todo isto sucede porque o diálogo e maila interpretación racional situámoslos como criterios de valor.

En segundo lugar, observamos nas persoas un desexo de construción e de mellora. Na humanidade hai unhas estruturas orixinais e propias da que chamamos “condición humana” (facultades, dons, potencias, factores constitutivos: razón, linguaxe, sentimentos, liberdade). A isto, en terminoloxía heideggeriana, podemos chamarlle **exis-**

**tenciarios**. Estas “estructuras orixinais” evolucionan, renóvanse, actualízanse e tamén **vanse xerando novas potencias** nun proceso de construción da humanidade. Este proceso vese con claridade na historia das culturas.

Cítase a historia das culturas porque esta historia tamén é testemuña nalgúns casos da destrución que, en aparencia, botan por terra o desexo positivo de construción. Os humanos somos conscientes (racionalmente conscientes) da nosa ambivalencia. Precisamente, nesta configuración histórica da humanidade imos construíndo criterios para distingui-lo positivo do negativo, e imos atopando base para discerni-lo mellor do peor. Constructos estes que son recollidos nas diferentes culturas e integrados en cada un de nós; a eles atémonos cando valoramos.

En terceiro lugar, existe no ser humano unha capacidade de compromiso, de participación e mesmo de apaixonamento que desmente un “mito” de hoxe en día: o “pasotismo”.

Hai un proceso de apaixonamento por actos xustos, humanitarios, solidarios que dan fe dunha “re-valorización” das accións humanitarias. Esta constatación histórica vai acompañada dunha caída progresiva da indiferencia, do principio do “todo vale”, da busca “do éxito sen moral”... Todas estas constatacións falan a prol da posibilidade de establecer criterios de valor

ético en función da xustiza ou inxustiza das accións.

En resumo, temos posibilidades racionais de construí-la ética en canto somos capaces de percibi-las características e diferencias da realidade e, a partir desta percepción, valorar e cualificar. A tarefa está en aprender e ensinar a percibir, por unha banda, os valores de sempre da humanidade e da nosa cultura e, pola outra banda, axudar á incorporación de novos valores do noso tempo. Os estudos de ética axudan neste labor pero, naturalmente, pedíndolle á ética o que pode dar:

A diferencia de los problemas práctico-morales, los éticos se caracterizan por su generalidad. Si al individuo concreto se le plantea en la vida real una situación dada, el problema de cómo actuar de manera que su acción pueda ser buena, o sea, valiosa moralmente, tendrá que resolverlo por sí mismo con ayuda de una norma que él reconoce y acepta íntimamente. Será inútil que recurra a la ética con la esperanza de encontrar en ella lo que debe hacer en cada situación concreta. La ética podrá decirle, en general, lo que es una conducta sujeta a normas, o en qué consiste aquello -lo bueno- que persigue la conducta moral, dentro de la cual entra la de un individuo concreto, o la de todos. El problema de qué hacer en cada situación concreta es un problema práctico-moral, no teórico-ético. En cambio, definir qué es lo bueno no es un problema moral que corresponda resolver a un individuo con respecto a cada caso particular, sino un problema general de carácter teórico que toca resolver al investigador de la moral, es decir, el ético<sup>4</sup>.

Tendo en conta a posibilidade de establecer criterios e valores éticos, faise unha proposta ética para o ensino.

## PROPOSTA PARA O ENSINO

---

As investigacións actuais sobre valores éticos -como dicía antes- fálannos de **valores de sempre**, os que nunca pasaron. Poderíamos dicir que son os grandes conceptos da tradición filosófica occidental. Efectivamente, os gregos non falaron, como facemos hoxe, do mundo dos valores pero non foron alleos a ese mundo. Todos sabemos que os filósofos helenos falaron do ben, da beleza, da xustiza, da verdade..., estreitamente vinculadas entre si e coa noción de virtude; é dicir, estes clásicos da filosofía non concibiron os valores como calidades separables da mesma realidade. Incluso a metafísica que desde os gregos e a partir deles foi desenvolvida identifica o valor co mesmo ser.

Xa antes recordamos como se produciu a **separación** dos eidos da metafísica e da axiología. Do que se trata nestes tempos é de recuperar eses grandes conceptos, grandes virtudes ou grandes valores. Esa recuperación radica principalmente na súa actualización. Requírese, pois, unha "posta ó día" desde as circunstancias en que vivimos, circunstancia que no noso

4 A. Sánchez Vázquez, *Ética*, Barcelona, Ed. Crítica, S. A., 1978.

caso se refire, en principio, a Galicia. Penso que non está fóra de tempo falar e, sobre todo, exercita-la xustiza, a bondade, a liberdade, a beleza e a paz.

Xunto coa **traducción** á linguaxe actual dos “valores de sempre”, hai na historia contemporánea novos sentidos e novas contribucións axiolóxicas ás que se debe prestar atención. Inovadores son os sentidos da reciprocidade, da igualdade, da liberación, da tolerancia. Certamente, nestes valores hai antigas resonancias da xustiza social, pero non é menos certo que o personalismo e a hermenéutica abren novos campos e novas perspectivas na consideración “do diálogo cos outros” e, polo tanto, a comunicación adquire unha gran preponderancia nas valoracións. Así mesmo, o estudio dos ecosistemas fai que a consideración dos valores de defensa e protección do ambiente non poidan ser alleos á tarefa ética.

Na sempre dinámica e renovada reflexión sobre a vocación docente preséntanse novas propostas. Estas propostas sitúanse ó redor dunha chamada á profesionalidade docente “... no panorama social contemporáneo, a profesionalización é, sen lugar a dúbida, unha tendencia social recoñecida.

O feito de catalogala así, permite afirmar que, de maneira xenérica, a sociedade actual mantén como unha meta desexable a profesionalización.”<sup>5</sup>

Estas chamadas á profesionalización van desde unha proposta de “xuramento profesional” (estilo xuramento hipocrático), ata as propostas de código deontolóxico. Como exemplos podemos citar unha proposta da profesora J. González e un estudio do profesor Jover Olmedo.

Juliana González escribe:

Y como bien se sabe, el momento culminante de los exámenes profesionales -o de grado- suele ser el “juramento” en el cual se incluye la promesa de un ejercicio profesional o académico regido por principios éticos. El famoso juramento hipocrático de los médicos es sin duda el de más tradición y el modélico, pero no el único; en sus trazos esenciales la mayoría de los juramentos profesionales tienen algo en común y apelan todos, efectivamente, a un compromiso fundamental, de índole ética, que el recién titulado adquiere consigo mismo, con la institución y con la nación. Se presupone además que tal compromiso comienza al ingresar en el ejercicio efectivo de la profesión<sup>6</sup>.

Un estudio sobre o código deontolóxico docente podemos velo no artigo do profesor Jover Olmedo (“Fundamentación e contido dunha deontoloxía

5 A. González Fernández, e A. Requejo Osorio (coordinadores) (1996), *Profesionalización e deontoloxía da fundación docente* (Artigo de J.M. Touriñán López, “As esixencias da profesionalización como principio do sistema educativo”), Publicación do Consello Escolar de Galicia. Santiago de Compostela.

6 J. González, *El Ethos, destino el hombre*, México, Fondo de Cultura Económica, 1996.

profesional docente"); neste traballo podemos ler:

... e usando a técnica clásica de sistematización do contido deontolóxico por ámbitos de incidencia profesional, suxerirei a continuación un posible esquema de contido dunha deontoloxía profesional docente. Para iso tentarei achega-la tradición normativa existente noutros lugares ós problemas do noso contorno. Distinguirei catro grandes ámbitos: ámbito da profesión, da institución, da relación cos alumnos, e da sociedade. Loxicamente, estes ámbitos non son compartimentos estancos, nin teñen todos a mesma

significación, senón que esta depende do tipo de efectos que se queiran promocionar. Polo que acabo de dicir, o esquema non pode entenderse tampouco como unha construción pechada e rematada, senón como un marco de traballo aberto.<sup>7</sup>

Marcos de traballos abertos estanse a dar na nosa circunstancia galega. Cómpre aproveita-los medios de mellora ética que se están a ofrecer. Témo-la seguridade de que este será un eficaz medio de mellora da vocación profesional docente.



7 A. González Fernández e A. Requejo, (1996) *Profesionalización e deontoloxía da función docente*, op. cit..